



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23 DE MAIO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00025530P.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria - urxente de data 11 de maio de 2022.
- Ordinaria de data 16 de maio de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00059194G.

Aceptar cesión de viario e licenza para a parcelación na Ponte Munin, Bornais.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 01/03/2022 outorgada ante Notario co número de protocolo 280.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 27/12/2021 e a documentación presentada o 21/04/2022, a parcelación na ponte Munin Bornais Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado.

PARCELA RESULTADO 02-2. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Bruta 793.00m2s. Superficie Neta 666,00 m2s.

PARCELA RESULTADO 02-1. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Bruta 793.00m2s. Superficie Neta 666,0000 m2s

PARCELA RESULTADO RESTO FINCA MATRIZ 02. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Bruta 784.00m2s. Superficie Neta 679,00 m2s

CESIÓN 286m2s (105+54+127m2s)

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00009598V.

Requirimento de cumprimento de deberes urbanísticos en relación co local da rúa de República do Salvador, 12, planta 1ª . Rectificación do acordo adoptado o 2.05.22 sobre resolución do recurso de reposición interposto por INMOBILIARIA CANVIVES SAU

Acórdase rectificar o acordo adoptado o 2.05.2022, eliminando o apartado Cuarto, quedando o acordo coa seguinte redacción:

Primeiro. REXEITAR o recurso de reposición formulado por INVERSIONES INMOBILIARIAS CANVIVES SAU contra o acordo da Xunta de Goberno de data 7.03.22, relativo ao cumprimento do deber de entrega do local de equipamento de cesión obrigatoria no ámbito da OE-7.

Segundo. INICIAR o procedemento regulado no artigo 31 do RD 1093/1997 para a ocupación e posterior inscrición a nome do Concello de Santiago da finca rexistral 44376, co carácter de cesión obrigatoria delimitada polo PXOM no ámbito da OE-7.

Terceiro. Outorgar aos titulares rexistrados un trámite de audiencia, por prazo de 30 días, a fin de que formulen as alegacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 31.2 do RD 1093/1997.

O acordo notificarase aos interesados e ao Rexistro da Propiedade núm. 2 de Santiago

5. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00007329W.

Aprobación proxecto construtivo “Senda peonil Rúa da Medorra” revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 04/05/2022 da obra “Senda peonil Rúa da Medorra”, que ten as seguintes características:

- Orzamento: 143.243,67 euros + 30.081,17 euros de IVE = **173.324,84 euros**.

- Prazo de execución: 6 meses.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

7. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018761R.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, e o gasto correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA pola contía de **120.000 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800012, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

8. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019576B.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (SAÚDE MENTAL FEAFES- GALICIA), e o gasto correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (SAÚDE MENTAL FEAFES- GALICIA), pola contía de **60.000 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800017, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

9. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019405R.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (APSSC), e o gasto correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (APSSC) pola contía de **10.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800008, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

10. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019300B.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL (ASPAS), e o gasto correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL (ASPAS) pola contía de **6.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800007, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

11. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00016959Q.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade CENTRO SOCIAL-CULTURAL JUAN XXIII DE SANTIAGO, e o gasto correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: CENTRO SOCIAL-CULTURAL JUAN XXIII DE SANTIAGO pola contía de **60.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800013, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

12. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00024653M.

Dar conta da Avaliación do IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela 2017-2020.

Dase conta á Xunta de Goberno do resultado da Avaliación do IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela 2017-2020 como paso previo para a aprobación do V Plan de Igualdade período anos 2022-2025

13. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2022/00018159C.

Aprobación da convocatoria de subvencións a asociacións veciñais sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022.

Acórdase:

1. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións dirixidas a asociacións de veciños de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral.
2. Autorizar o gasto de **100.000 €, ampliables ata 150.000**, con cargo a aplicación orzamentaria 040 33404 4890100/2022.

14. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00025530P.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 13 ao 19 de maio de 2022.

URXENCIAS

15. CONTRATACIÓN. Referencia. 2021/00022437R.

Substitución do responsable do contrato de “Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II”

Acórdase proceder á substitución de P. M. Q., xefe de sección de Medio Ambiente, como responsable do contrato “Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II” por B. R. G., técnica de Medio Ambiente e M. V. F., inspectora técnica de Servizos.

16. MEDIO RURAL. Referencia. 2022/00007328R.

Aprobación do proxecto “Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 18/05/2022 da obra “Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns”, que ten as seguintes características:

- Orzamento: 123.966,94 euros + 26.033,06 euros de IVE = **150.000 euros**.
- Prazo de execución: 60 días.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

17. CONTRATACIÓN. Referencia. 2022/00020953P

Aprobación do expediente de contratación denominado “Prestación do Servicio de xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación de verán 2022”

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Prestación do Servicio de xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación de verán 2022” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de:

- Coste do servizo sen IVE 80.149,46 € /IVE 21% 16.831,39 € / Coste do servizo con IVE **96.980,85 €**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 2269900.